


O PRACER DE LER

Literatura infantil e xuvenil

*Blanca-Ana Roig Rechou**
Universidade de Santiago
de Compostela



Título: *Noite de voraces sombras*
Autor: Agustín Fernández Paz
Colección: Fóra de xogo, núm. 64
Editorial: Edicións Xerais de Galicia,
Vigo, 2002
Núm. pp.: 165

Con esta obra, que se sitúa na fronteira entre o lectorado mozo e o adulto, o autor ponse de novo na liña da súa anterior entrega, *Aire negro*, novela que mereceu, pola tradución ó catalán, o Premio Protagonista Jove, que convoca o Consell Catalá del Llibre per a Infants i Joves e que outorga o lectorado catalán máis novo, que está incluída na lista de honor do IBBY e na da Biblioteca de Múnic, White Ravens.

Trátase dunha novela de misterio e terror con elementos do relato de iniciación. Nela, unha rapaza de dezaseis anos conta as experiencias que viviu durante as vacacións do verán na casa da súa avoa que acaba de falecer e que vivía en Ribadeo. Unhas vacacións que se lle presentaban aburridas e que, en cambio, se converteron nunha escola de coñecemento, de madurez e de amor, pois non só se namora de Daniel,


* Catedrática de Escola Universitaria de Literatura Galega.

senón que descobre o pasado do tío Moncho, un mestre comprometido co seu tempo e cunha Galicia libre e solidaria, o mesmo cá súa compañeira de profesión e namorada, Sara Salgueiro. Unhas vidas que quedaron truncadas debido a que a Guerra Civil española os separou, levando a un ó cárcere da illa de San Simón, despois de ser detido e condenado a vinte anos de prisión, e a outra ó exilio. Unhas vidas que as propias familias lles ocultaron ós máis novos, o que provocou neles desapego e consideracións de desleixo cara a eses seres “raros”.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), un autor avezado e moi prolífico como escritor de literatura infantil e xuvenil galega, bota man nesta obra, como é bastante frecuente en toda a súa produción, de elementos peritextuais que dan pistas para entender a mensaxe que quere transmitir, como é o feito de tomar o título deste relato da obra de José Ángel Valente, *Fragments dun libro futuro*, onde se fala da recuperación dos fragmentos rotos para que non morran na noite de voraces sombras do esquecemento. Fragmentos que Agustín Fernández Paz enfía con habelencia para facer que o lectorado máis novo, ó que se dirixe en primeira instancia, non

esqueza as consecuencias das guerras, neste caso da Guerra Civil española. Aproveita de novo o autor nesta entrega unha noticia de xornal para desenvolver parte desta narración, na que salienta a madureza que vai adquirindo Sara, a protagonista adolescente, que é a encargada, xunto a outras voces narrativas — a da nai e a do diario e epistolario do tío—, de narrar os acontecementos desta historia familiar e tamén de amor que a guerra destrúe pero que agora xorde coa esperanza depositada nas novas xeracións, unha vez que coñecen os feitos e poden así recuperar e transmitir a memoria histórica.

Como dixo o propio autor, trátase dunha homenaxe ós mestres republicanos que foron represaliados e un intento de recuperar o elo perdido entre a xeración que sufriu directamente a represión e a máis nova, e tamén o de transmitir elementos da tradición galega máis popular, unha das características da obra deste vilalbés establecido en Vigo que non perde ocasión de mostrar e de recrear símbolos e mitos propios. Nesta novela fai referencia clara a que “os mortos non abandonan”, para así transmitir cómo se sente, se vive e se analiza en Galicia a morte.



Título: *Paseniño, paseniño*
Autor: Antonio García Teijeiro
Ilustracións: Xosé Cobas
Colección: Rañaceos. A partir dos 10 anos
Editorial: Everest-Galicia, A Coruña, 2003
Núm. pp.: 70

A editorial Everest-Galicia preséntanos este poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) nunha colección de gran formato, pasta dura, moi ilustrada, con papel de gramaxe xenerosa, o mesmo que o tipo de letra. Un bo continente para acoller os versos cos que o xa avezado poeta, dos poucos cos que conta a poesía infantil e xuvenil en Galicia, homenaxea, de novo, a poetisa Rosalía de Castro. Iníciase o poemario coa voz da autora, a partir duns versos sacados da obra *Cantares gallegos* (1863), concretamente do poema nove titulado "Campanas de Bastabales" e que di:

Pasesiño, paseniño
 vou pola tarde calada
 de Bastavales camiño

e seguindo o espírito do poema rosaliano e das rimas que acompañan os xogos da infancia, o poeta realiza unha viaxe lírica, na que, por medio de estrofas de tres e catro versos moi curtos, vai falando cos fenómenos atmosféricos, cos animais, cos elementos da natureza, coas palabras, cos recordos, sempre referíndose a que está de camiño, ata

que atopa de novo a Rosalía e remata con outra estrofa do poemario e poema citado:

Camiño do meu contento;
 I en tanto o sol non se esconde,
 Nunha pedriña me sento

Esta viaxe vai acompañada por outros poemas, organizados na súa maioría en cantares, coplas, cuartetas, versos soltos e libres, nos que se xoga con procedementos poéticos diversos e nos que se fala e falan sereas, caracolas, pombas, galos, gatos, cans, paspallás, cabalos, papaventos, piñeiros, solpores, néboas, treboadas, chuvias, cores, estrelas, campás..., transmitindo sentimentos que se achegan entre luces e sombras, tristezas e alegrías, reflexións e crítica..., sentimentos que sempre acompañan un camiño como o de Rosalía e o de quen se quere achegar a ela, presentados aquí de forma sinxela, sen esquecer o destinatario e as súas peculiaridades.

Nesta viaxe os versos amplíanse por medio das ilustracións descritivas, esvaecidas, abertas e coloristas de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953).




Título: *Tres capitáns de tempos idos*
Autor: Antón Avilés de Taramancos
Ilustracións: Do autor e de Manolo Uhía
Colección: Merlín, núm. 133
Editorial: Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2003
Núm. pp.: 67

A falta dun trimestre para rematar o ano dedicado a Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, 1935-A Coruña, 1992), non quero deixar de lle render unha homenaxe nesta sección da *Revista Galega do Ensino*, unha revista que de seguro el apoiaría, pois unha das moitas preocupacións do poeta de Taramancos foi o ensino, como deixou dito na homenaxe que lle fixeron, e na que el participou, ó seu amigo e mestre Pepe Hermo.

Esta obra que quero comentar é unha breve peza que realizou por petición de Pilar Sampedro, encargada desta edición e do "Epílogo", unha mestra amiga, quen en *Historia desta peza* di: "Avilés debeuse ver obrigado a facela para non ter que aguantarme falándolle da posibilidade de montar unha obra sobre a historia das letras galegas na que o alumnado, ó tempo que facía teatro, aprendese e sentise que sucedera coa súa literatura ó longo do tempo". Fose polo que fose, a resposta de Avilés, como se pode ler na obra, foi intelixente, pois creou unha peza teatral na que efectivamente con-

seguiu darlle ó alumnado da escola da Serra de Outes, onde Pilar Sampedro exercía o maxisterio daquela, mostras para se sentir orgulloso da súa lingua e azos para coidar a velliña triste que simboliza a súa terra, a Galicia. Unha obra que ó parecer realizou na Tasca Típica, no tempo que dura unha película de cine, e que estruturalmente se presenta en tres lances nos que se narra, a través de tres personaxes principais e arquetípicos e dun poeta de renome en Galicia, a historia do país e da súa lingua. Para facer esta narración en tan pouco tempo e espacio botou man da elipse, concretamente daquela que xoga coa intelixencia do receptor, a quen converteu en cómplice do discurso para que asociase os contidos implícitos. Contidos que Avilés contaba que de seguro o mediador, o mestre fundamentalmente, se encargaría de asentar antes da representación. A elipse tamén lle permitiu cumprir coa brevidade e poder suxestivo do discurso, en sintonía co receptor ó que dirixe esta historia, na que non falta o humor, unha característica da obra do versátil Antón Avilés de Taramancos.




Título: *Nun lugar chamado guerra*
Autor: Jordi Sierra i Fabra
Traducción: María Cameselle
Colección: Costa Oeste, núm. 36
Editorial: Galaxia, Vigo, 2002
Núm. pp.: 151

Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) mereceu por esta novela o IV Premio Abril de Narrativa para a Mocidade. Estrutura o texto en cinco capítulos e neles o xornalista Néstor Pujalte ofrécenos unha crónica das súas vivencias ó aceptar cubrir a información dunha guerra, debido a que estaba a pasar por unha situación persoal e profesional un tanto deprimente. Relata paso a paso, con bo ritmo e sen concesións, as súas peripecias e as do neno lazarillo, Milo, que sempre o acompañará e será o encargado de levalo a fotografar os conflitos e de conseguirlle as entrevistas precisas, aínda que ás veces teña que mentir. Nas conversas co neno e cos outros xornalistas destinados a cubrir a contenda fanse moitas reflexións sobre a ética profesional, sobre a amizade, a explotación, as inxustizas, a dor, a morte e as hipocrísias dos países que se dedican á reconstrución e que pensan máis nos intereses económicos ca nas xeracións máis novas que xa non poden recuperar, se viven, os anos perdidos. Di: "O cinismo nacía nos despachos e nas xuntanzas e nas mesas para a paz, convertido en patriotismo barato e mensaxes

edulcoradas. Os mortos do día a día eran unha simple peaxe. As guerras seguían sendo o gran negocio da paz".

A crónica remata coa fuxida do xornalista e coa triste despedida de Milo. Unha narración que non perde ritmo en ningún momento, que presenta solucións imaxinativas e inxenuas, moi próximas, precisamente, á idade do neno lazarillo que protagoniza a obra e que vai madurecendo forzosamente debido ás circunstancias que lle toca vivir.

Usa Sierra i Fabra varios elementos peritextuais que axudan a entender mellor o texto comentado. Así, no epílogo infórmase do desenlace da historia narrada, nos créditos sinálase que a república de Tudzbestán non existe na realidade senón que é unha cidade ficcional, un símbolo das moitas soviéticas que están a vivir conflitos bélicos, salíéntase a existencia real nos lugares en conflito de nenos lazarillos e nenas cuidadoras, que lle serven de guías ós xornalistas, con quen pasan moito tempo e chegan a establecer unha forte relación afectiva. A eles precisamente dedica este escritor e xornalista catalán esta obra de boa factura e moi sentida.



Título: *Un I un I un... fan cent. Cent personatges de la literatura infantil i juvenil*
Autoras: Teresa Duran i Marta Luna
Colección: El bagul, núm. 36
Editorial: La Galera, Barcelona, 2002
Núm. pp.: 213

Estas dúas escritoras de recoñecido prestixio achégannos unha obra, froito dun traballo de investigación rigoroso, na que se nos presentan, con habelencia e coñecemento do tema, cen protagonistas de obras narrativas de referencia imprescindible, que foron imitados, ou tidos en conta, noutras obras destas literaturas no mundo. Comezan pola letra A e, polo tanto, coa inesquecible Alicia, protagonista de *Alicia no país das maravillas*, de L. Carrol, ata chegar ó X con Xola, a cadelinha de *Xola e os leóns*, de Bernardo Atxaga, e polo medio non faltan personaxes tan actuais como Harry Potter ou Manolito Gafotas, de J. K. Rowling, Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2003, e de Elvira Lindo, respectivamente.

Na "Introducción", as investigadoras explican a xénese do traballo e así refírense ó solicitante, ó editor Xabier Blanch e á Fundación Enciclopedia Catalana, que apoiou o proxecto cunha bolsa. Contan que examinaron ó redor de oitocentos cincuenta persona-


xes de máis de trescentas cincuenta obras e que unha vez enchoupadas de tantos amigos se reduciron a cen, un número arbitrario pero significativo. Un grupo de protagonistas, adxuvantes ou adversarios da literatura universal, que consideran que conectaron co lectorado e que animaron á lectura. A seguir, fannos partícipes das súas decisións: primeiro, de elixir obras narrativas de autor coñecido baixo as formas de álbum ilustrado, cómic, conto e novela; despois, de lle dar prioridade a aqueles títulos con personaxes que consideran tiñan unha personalidade que establecía un xogo dialéctico co lectorado, deixando aqueloutros que incidían máis en elementos temáticos, formais ou de xénero, asumindo así que obras de gran calidade literaria tivesen que quedar fóra deste *convit*. Nesta elección tiveron en conta, ademais, por unha parte os máis de douscentos anos de existencia desta literatura e dun lectorado fiel, por outra as linguas orixinais nas que foron creadas as obras. Neste último caso, quixeron dar unha pro-

porción equilibrada, aínda que admiten unha primacía, un pouco máis alá do razoábel, das obras escritas en lingua catalana. Engaden que tamén tiveron en conta as diferentes bandas de idade ás que se dirixen as obras, que van desde a lectura incipiente a un certo grao de competencia, tanto lectora como literaria. Outros criterios que tiveron en conta foron a popularidade dos personaxes, ben pola orixinalidade, caso de Jim Boto ou Nitus, ben por ser representativos dun xénero, caso de Sherlock Holmes, ben, no caso de autores contemporáneos, por saber redimensionar un personaxe con personalidade propia, excedendo o estereotipo común, como por exemplo Padre Noel, de Raymond Briggs ou Guinen, de Antoine de Saint Exupéry. Non esqueceron introducir personaxes da literatura de transmisión oral que se coñecen polo nome do versionador e que tanto influíron non só na lectura senón no desenvolvemento da literatura universal, como supoño que fará esta obra de Teresa Duran e Marta Luna, e así incluíron personaxes dos contos de Perrault, Grimm ou Andersen.

Cada entrada comeza cunha presentación do personaxe, quen é, qué fai e a súa opinión dos outros protagonistas. Logo, en *Els meus senyals d'identitat* danse os sinais físicos para recoñecelo, en *Amics i enemics* fálase deses personaxes cos que se relacionan, en *Com ara jo*

incídese en se son fundadores ou heroes na tradición literaria. Con *Altres feines* complementan a "Bibliografía", na que se dá a ficha da obra orixinal e da traducción ó catalán e falan de cómo o relato traspasou o libro para ser usado nos medios audiovisuais.

É unha selección ben xustificada, unha obra das que canoniza e que fai reflexionar os estudiosos comparativistas. Se analizamos a non inclusión de personaxes da literatura galega e os títulos que aínda están sen traducir á nosa lingua, temos en Galicia que reflexionar e preguntarnos se é que a nosa ausencia foi debida ó descoñecemento ou a que non hai un personaxe que conseguise achegarse ós criterios establecidos a pesar de contar cun Balbino, cunha galiña azul, ou cun Ramón Lamote, por poñer só algún exemplo dos inicios e comezo do asentamento da literatura infantil e xuvenil galega. A pesar desta eiva, consideramos que estamos diante dunha obra moi necesaria para o mediador, pola información que achega e por facer ler e comprender obras epigonais que non melloran as anteriores e, no canto de animar á lectura, afastan o lectorado dos libros de creación que tanto axudan a comprender o mundo e as persoas que o poboan. Benvida e parabéns para as autoras e o editor.



Título: *Análisis de narrativas infantiles y juveniles*
Autora: Gemma Luch
Colección: Arcadia, núm. 7
Editorial: Ediciones de Universidad de Castilla-La Mancha, Cuenca, 2003
Núm. pp.: 253

Na parte textual deste ensaio suxestivo e atrevido, preséntase un modelo para analizar narracións infantís e a súa aplicación.

Na primeira parte, ofrécense nos suxestións para unha análise pragmática dos textos e recomendacións bibliográficas para a súa contextualización. Logo preséntanse os elementos máis significativos que cómpre ter en conta. En "El contexto comunicativo" faise un breve percorrido pola infancia, o ensino, o libro e o circuío literario, para logo deterse nos axentes que interveñen na comunicación literaria. É esta, ó meu ver, unha parte atrevida e moi ben argumentada. Propón tres tipos de autor: o autor-"instructor", o "político-educativo" e o "global", e unha dobre recepción (pai/mestre, e lector), propostas que fan reflexionar e que darán moito que falar, pois outros consideramos, por exemplo, o primeiro receptor proposto (pai/mestre) máis como mediadores que como autores. Tamén se refire ós mediadores institucionais, educativos, editoriais que considera que ofrecen características específicas

para este sistema literario e remata cunhas notas certeiras e oportunas sobre "La ideología", que tanto marcou e marca esta literatura.

No apartado titulado "Antes del texto. Los paratextos" achégase a unha análise moi recente en toda literatura, pero máis na que estamos a tratar. Parte do concepto de paratexto, proposto por G. Genette, e logo describe de forma sucinta os paratextos e as súas funcionalidades, que tamén permiten caracterizar especificamente esta literatura.

En "El análisis de la narración" detense naqueles elementos que considera máis específicos nas obras infantís e xuvenís. Toma como modelo os traballos de Jean Michael Adam en relación coa estrutura da narración, aínda que tamén o combina co esquema acumulativo proposto por Pedro Cerrillo. Repasa conceptos como a temporalización, que estudia a partir dun modelo con marcadores temporais correspondentes ós constituíntes básicos que estableceu na secuencia narrativa e que

considerou como a estrutura prototípica da narrativa infantil. Salienta o uso de xogos estilísticos para conseguir efectos fóra do modelo. Repasa os tipos de narradores, avisa das variacións segundo épocas e xéneros e comenta as funcións que desempeñan e mesmo a influencia que exercen na aceleración ou lentitude do tempo; repasa qué se entende por personaxe, a súa caracterización, os tipos e a súa diferenza co actante; trata o espazo, di inclinarse máis polo termo escenario, achégase ó concepto de cronotopo bajtiano e salienta os diferentes modos de presentación espacial; fala tamén de cómo se marca a época na literatura actual e dos mundos posibles ou mundos alternativos ó obxectivo; refírese ás relacións entre textos, recorda que os que se acubillan nesta literatura se dirixen a un lector cunha competencia cultural en plena fase de formación e, polo tanto, considera que hai que ter en conta que está baseada nunhas fontes determinadas e tamén calidades que se lle esixen, insistindo en que canto máis se axustan as competencias do lector ás do texto máis adecuadamente se realizará a lectura. Finaliza este apartado cunha análise lingüística, aínda que xa a tratou dentro doutros apartados e salienta que esta análise foi pouco tida en conta ata épocas moi recentes, a pesar de que o uso adecuado das construcións e marcas lingüísticas permiten ofrecer lecturas máis plurais e ricas.

Remata esta primeira parte cunha proposta específica para os textos provenientes da narrativa que chama de tradición oral e que eu prefiro denominar de transmisión oral, polas características específicas que presenta.

Na segunda parte do estudio, que consiste en aplicar o modelo proposto a un conxunto de narracións, desde as máis clásicas ás obras máis recentes, pasando pola lectura dalgunha delas a partir das versións audiovisuais, demóstrase que o modelo é útil e que permite coñecer e gozar mellor da literatura infantil e xuvenil.

Quero rematar este comentario referíndome agora a un dos elementos peritextuais desta obra, ó limiar que titula "Querido lector", no que se nos dan acenos sobre a dificultade do tratado, no que se nos prepara para a lectura e se nos fala de fontes e influencias no modelo que se presenta. Un modelo moi novo ata hai ben pouco nas análises das literaturas infantís e xuvenís que viviron de costas a case todas as ramas que conforman, como apuntou Darío Villanueva, a ciencia da literatura, é dicir a literatura comparada, crítica literaria, teoría da literatura e menos á historia literaria, das que si bebeu Gemma Lluch neste estudio serio, rigoroso e que anuncia aires novos na análise das literaturas infantís e xuvenís.

